

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación idioma 2: Francés-Galego				
Materia	Interpretación idioma 2: Francés-Galego			
Código	V01G230V01911			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cano Carteret, Nathalie			
Profesorado	Cano Carteret, Nathalie			
Correo-e	nathalie.cano@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o estudante perfeccione a súa competencia interpretativa no marco da interpretación simultánea e que desenvolva as técnicas de tradución á vista como actividade profesional e como aprendizaxe da coordinación de esforzos cognitivos. O que se procurará con esta materia é que o alumno sexa quen ao final da súa carreira formativa interpretar de forma simultánea un discurso.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A12	Posuír unha ampla cultura
A13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A20	Facilidade para as relacións humanas
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A23	Uso de ferramentas de tradución asistida
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo

B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B21	Sensibilidade co medio
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Profundizar nos conceptos teóricos sobre os principios da interpretación.	A1	B5
	A2	B6
	A6	B8
	A8	B9
	A9	B12
	A13	B14
	A14	B15
	A16	B16
	A17	B21
	A19	B23
Perfeccionamento das técnicas de interpretación simultánea.	A1	B3
	A3	B4
	A4	B6
	A7	B7
	A8	B8
	A9	B9
	A12	B11
	A17	B12
	A18	B13
	A20	B14
	A21	B15
	A22	B16
	A23	B17
		B18
		B22
		B23
Desenvolver as destrezas de lectura, comprensión, análise e produción oral nas linguas traballadas (Francés Idioma II e Galego).	A1	B1
	A2	B6
	A3	B7
	A4	B9
	A12	B14
	A13	B15
		B17
		B18
		B19
		B20
		B22
		B23

Contidos

Tema	
1.- Marco teórico	1. Tipos de interpretación. 2.- Concepto e fases da interpretación. 3.- A comunicación oral: lingua oral e escrita, técnicas de oratoria pública e análise do discurso. 4.- Características do mercado laboral da interpretación segundo as modalidades de interpretación e combinación lingüística.

2.- Prácticas en laboratorio.	1. Exercicios de análise e síntese de discursos orais. 2. Exercicios de memorización. 3.- Exercicios de reactivación léxica e semántica. 4.- Exercicios de reformulación. 5.- Exercicios de aplicación de estratexias comunicativas. --- a) Exercicios de tradución á vista. b) Exercicios de interpretación simultánea de discursos orais. A dirección será sempre de francés (idioma II) a galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	6	8
Sesión maxistral	7	7	14
Prácticas de laboratorio	26	52	78
Debates	4	12	16
Estudo de casos/análises de situacións	5	15	20
Probas de autoavaliación	1	0	1
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, o docente presentará a materia e a súa programación. Explicará os contidos, a metodoloxía, o funcionamento das cabinas e o sistema de avaliación
Sesión maxistral	Neste apartado o docente repasará co alumnado os perfis profesionais da interpretación, as modalidades da actividade e as técnicas de interpretación máis estendidas nas distintas situacións comunicativas. Repasaranse os esforzos implicados no proceso de interpretación. A encomenda de interpretación. Tamén neste apartado trataremos as diferentes técnicas de interpretación simultánea para que os alumnos as poñan en práctica.
Prácticas de laboratorio	Trataremos os criterios de avaliación da tradución á vista. Presentaremos as características, dificultades e estratexias propias da tradución á vista. Exercicios de análise, memoria, reactivación léxica, reformulación. Práctica da técnica da tradución á vista para logo seguirmos coa interpretación simultánea. Faranse exercicios de preinterpretación. Tradución á vista de diferentes tipos de texto e interpretación simultánea (Francés;Galego). A finalidade é que o alumnado consiga interpretar de forma simultánea ao entender todos os contidos.
Debates	O docente e os alumnos sentaranse para discutir, en forma de terapia, as dificultades que teñen á hora de facer os exercicios prácticos. O que se tentará procurar é que entre todos podan resolver problemas que vaian xurdindo ao longo do curso.
Estudo de casos/análises de situacións	Neste apartado visualizaremos vídeos e textos para tentar resolver dificultades que tería un intérprete á hora de traballar.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Haberá unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto fóra como dentro da aula. Deste modo o alumno poderá resolver sempre as súas dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	Durante o curso levarase a cabo unha proba de interpretación simultánea.	15
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá nunha proba final de interpretación simultánea de francés a galego.	85

Outros comentarios sobre a Avaliación

1) O alumnado que siga o curso con asistencia regular ás clases (80% presencial) poderá acollerse ao sistema de avaliación continua. O que non cumpra co 80% de presencialidade, deberá presentarse ao exame final de maio que coincidirá co último día de clases.

A proba final, tanto para os alumnos de avaliación cont¡nua, como para os que non a sigan será o martes 29 de abril ás 16:00 horas, no laboratorio 3.

2) Os alumnos Erasmus seguirán o mesmo método de avaliación.

3) Aos alumnos de avaliacion continua que non superen a materia en maio gardaráselles o 15 % da proba parcial. O exame de xullo será igual que o da avaliación única do mes de maio.

Bibliografía. Fontes de información

Collados, A et al. 2003.(ed). La evaluación de la calidad en interpretación: docencia y profesión. Granada: Comares

Gille, D. (1985). Les termes techniques en interprétation simultanée. Meta 30, 3, 199-210.

Herbert, J.F.(1952) Manuel de l interprète. Ginebra: Universidad de Ginebra.

Jiménez Ivars, M. A. (2000). La traducción a la vista. Un análisis descriptivo. Tesis doctoral. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Idioma 2, III: Francés/V01G230V01306

Outros comentarios

Recoméndase ter cursado as materias de interpretación na primeira combinación lingüística.